

Proposta de curso de formación

1. **Dinámicas de grupo para coñecerse e para a cohesión do grupo:**
 - a. A telaraña
 - b. O dado para coñecerse
 - c. Busca alguén que...
 - d. Rojo tomate, amarillo limón, verde brécol. Fusión en 4 grupos
 - e. Teatro: representación de imaxes e imaxes en movemento sobre: o conflito, o acoso, a mediación e a asertividade.

2. **Preguntas de verdadeiro ou falso sobre o conflito**(situarse a esquerda e a dereita)
 - a. O conflito é negativo, hai que evitalo
 - b. Sempre hay dous grupos, os fortes e os febles. Debes permanecer nun deles e é mellor estar no dos fortes.
 - c. O mellor, cando non estás de acordo con algúen é pasar del para non meterse en líos ou para non ferir os seus sentimentos.

3. **Power point “ a mediación nos 5 sentidos”**

Percepcións nos conflitos

- Ilusións ópticas. As percepcións nun conflito
- Tarxetas da 1 ó 24 con imaxe e frase. (páxinas 39 e 97-121 “Construir la paz” Boqué)
- Lectura da historia de Verónica (Libro Carmen Boqué “Tiempo de mediación” páxina 45 e 146)
- Vídeo “do graffiteiro” sobre a neutralidade.
<https://www.youtube.com/watch?v=D5zaF61DeJQ>

Técnicas de escoita activa

- Puzzles: a escoita activa (páxina 255-258 do libro “Tiempo de mediación” materiais fotocopiables. Boqué)
- Tarxetiñas parafraseo 251-251 do libro “Tiempo de mediación” materiais fotocopiables. Boqué)

Intereses, posicións e necesidades.

- Historia da laranxa e da fábrica de conservas

- Vídeo do “whatsapp”

Asertividade e comunicación.

- Pasivo, agresivo, asertivo
- Situacións eu-eu
- 1,2,3 probando-probando. Páxina 134, Boqué

Estilos no afrontamento dos conflitos: sumisión, cooperación, evitación, negociación, competición.

- Xogo de clips “Un punto en común” (página 73 tiempo de mediación. Boqué)
- O dilema do prisioneiro (página 63 “tiempo de mediación”. Boqué)
- Exemplos prácticos. Páxinas 124-129 Libro Boqué “Contruir la paz”

6. Comeza a mediación

- Mediación lida en grupo (páxinas 215-232 Manual abreviado de Tiempo de Mediación. Boqué)
- Vídeo de Torrego.
- Vídeo de Xulián
Magariños(www.youtube.com/watch?v=SlNOvu_t8h0)
- Fotocopia das fases. (Mediación en instituciones escolares. Torrego)
- Explicación das fases co power point “mediación paso a paso”
- Colax dos erros típicos e cualidades dun mediador (Torrego)
- Simulacro conflito profesor-profesor (caso práctico, na folla seguinte). Folla de observación
- Análise dun vídeo real conflito profesor-alumna (vídeo canarias)
- Práctica e mais práctica de casos simulados

CASO PRÁCTICO

Parte 1.

Eres un profesor/a esixente, xefe/a de departamento, que fomenta a cultura do esforzo entre o teu alumnado. Nas túas clases todo debe estar en orde, para que o alumnado se concentre en cubrir as fichas e en atender as explicacións.

Este ano tes problemas coa profesora nova do teu departamento. El/ela da a 2ºA e ti a 2ºB. Ela aproba a case todo o mundo, quedando ti de malo/a, ademáis de levar as clases con moito ruído, situando os alumnos en grupos, etc.. Personalmente caeche ben, xa que é moi divertida e telo pasado ben con ela nas cenas do instituto. O problema é a nivel profesional. Ante as queixas do teu alumnado polas baixas calificacións, tiveche que explicar á clase de 2ºB que os de 2ºA aproban mais porque teñen menos nivel, e que eles van ter mellor futuro na materia.

A gota que colmou o vaso é que, no lugar de falalo nunha reunión de departamento, foille dicir ás espaldas á xefa de estudos que non podía ser que eu suspendera a tanta xente, e que debo de cambiar a metodoloxía. Que se cree?

Parte 2

Eres un/unha profesor/a dinámica e moi formada nas novas metodoloxías cooperativas, pero sen prescindir de dar os contidos e o nivel necesario. Este ano tes problemas co teu xefe/a de departamento. Ela da a 2ºA e ti a 2ºB. El/ Ela é unha profesora clásica, da clases maxistras con fichas aburridas e o alumnado non lle responde. Personalmente, caeche ben, xa que é moi divertida e telo pasado ben con el/ela nas cenas do instituto. O problema é a nivel profesional.

A gota que colmou o vaso é que te enteraches de que lles dixo á outra clase que alí se daba mais nivel que a túa clase. Que se cree?

Fuches a falar coa xefa de estudos para explicarlle a situación e para explicar que ti das as clases de xeito serio, mais cunha metodoloxía diferente.

